

*“E ti vives no mundo, terra miña,/berce da miña estirpe,
Galicia, dóce mágoa das Españas,/deitada rente ao mar, ise camiño”
(Celso Emilio Ferreiro)*

Prosa do observatorio: dunas reptantes

Na nosa costa galega, pasado Muros e indo cara o norte pola estrada da costa, hai un fenómeno curioso que é o das dunas reptantes. Chámanse así, pois a area vai galgando polas faldras dos outeiros que forman a costa dita da Morte. A area tinta a ladeira que dá ao mar e vaise movendo arriba ou abaixo dependendo da crueza da estación. A última vez que as vin debeu ser hai unha década, mais estou certo que aínda alí están, semoventes e sempre vivas, marcando o ritmo da historia, dende tempos que nin a memoria propia nin a allea alcanzan. Cóntannos estas dunas reptantes o paso dos tempos e dos meteoros, e ben poderían ser un instrumento de medida para o cambio climático nas nosas costas. Os seus vaivéns dan idea tamén da continuidade dos procesos naturais, aqueles que marcan os ritmos e as estacións.

Os nosos mariñeiros levan prendidos na memoria os fondos e as rochas peixeiras coma se fosen mantras, coma se fosen sutras, coma se fosen versículos do Levítico, coma se fosen salmos, oracións ou xaculatorias inventadas na ocasión. Ollan tamén para a dirección dos ventos, as brisas catabáticas, a combinatoria das nubes, a cor da auga en superficie, a profundidade da luz, as cristas das ondas e a danza das augamares floridas, interpretando estas variábeis coma se fosen pezas dun crebacabezas infinito. Cando aínda están no mar, no medio dunha xornada de pesca avalían os resultados de erguer o aparello e a colleita do día, a mestura de luras, chocos e lubións, de polbos, chaparelas e douradas, a presenza das algas na marca do amocelo, no pano da rede ou da nasa de marisco, ou aínda das manchas douradas das malletas se ao arrastro andaran. Van así descifrando a dinámica de abundancia e flutuacións de especies. Deciden entón, logo da análise en pormenor que segue ao silencio do monólogo interior, con paixón de amadores que calculan sen axuda de programas, sen a certeza estatística dos modelos, sen necesidade de intervención externa, e xaora regurxitan, cos secretos do mar prendidos tras dos ollos e o cerebro en fervedura: Acabouse a marea, regresamos a porto a toda máquina!

Se lles conto todo isto é para falar de política, por descontado. Mudan as condicións climáticas (o ar dos tempos, a dinámica dos ventos de cambio, as areas semoventes da traizón, as alianzas tácticas e os enroques perversos) e daquela hai que albiscar de lonxe e avaliar deseguido como eses cambios poden afectar ás nosas dunas reptantes, quer a xeito de avance insidioso ou quer como retroceso fugaz no noso proceso de soberanía, na nosa adaptación a ese cambio climático anunciado.

Sube e baixa a marea, con cadencia lunar, e iso vai ser así até a consumación dos séculos, cando menos mentres haxa lúa e ela turre, coa forza secular da gravidade, das masas de auga do océano. É como dicir, que malia o cambio climático, malia os vaivéns da pesca (de votos, de vontades), é a dinámica das poboacións de peixes e as moitas variábeis independentes da sabedoría mariñeira as que inflúen no proceso da captura ventureira, que nos ha permitir chegar ao porto desexado coa bodega chea de peixe.

Os nosos dirixentes políticos, os gardiáns do Grial e as donas e cabaleiros que conforman a confraría da Táboa Redonda, os que levan as sete provincias do escudo no corazón, ben poderían saír navegar nun pesqueiro, observar os vaivéns das ondas, o mudar dos ventos, a dirección e forza das correntes e facer logo, coa sabedoría atesourada polo paso do tempo, unha análise en pormenor sen necesidade de modelos importados, para avaliar así cómo e de qué maneira van facer chegar o navío ao porto desexado, coa bodega en abarrote de peixe.

Cavilemos pois coa cabeza fría, neste agosto de praia, deitados rente ao mar, ese camiño.